

VIEIROS

Barbanza

Edición xestionada por [Adolfo Muíños](#)

SÁBADO 30 DE OUTUBRO EN RIANXO

Acto de ingreso na Real Academia de X. L. Axeitos

A Real Academia Galega trasladarase o sábado 30 de outubro a Rianxo para celebrar o ingreso do rianxeiro nativo de Asados, Xosé Luís Axeitos. Ás 19.30 h. da tarde terá lugar o discurso de ingreso no Pazo dos Viturro en Rianxiño, nun acto no que oficiará de padriño o tamén académico Xesús Alonso Montero. En marzo o plenario da RAG elixiuno para substituír a cadeira vacante de Domingos García-Sabell, achegando á Academia un sólido perfil investigador no eido da literarura e un fondo compromiso ético e de traballo pola recuperación da memoria histórica do noso país.

- 15:31 28/10/2004

Neste acto Axeitos formalizará o seu ingreso co tema *A Academia no discurso exílico de Luís Seoane*, personaxe do exilio do que é profundo coñecedor, investigador e divulgador con numerosas colaboracións e organizador de congresos e xornadas.

Axeitos recibirá tamén a insignia do Concello nunha recepción oficial no Consistorio ao Presidente e aos Académicos da RAG, aos que lles será entregada unha placa conmemorativa.

Catedrático de lingua e literatura no IES Rafael Dieste da Coruña e profesor-titor da UNED, naceu en Asados no ano 1945. Cursou Filosofía e Letras en Santiago desde o que se trasladou a Salamanca para estudar Filoloxía Románica.

Rianxo está presente na súa obra investigadora, dispoñendo de traballos sobre Dieste e Manuel Antonio, que se xunta a outros proxectos sobre Murguía, Luís Seoane, Padre Sarmiento, entre outros.

Especial referente é a súa implicación na recuperación de autores exiliados e represaliados, como Lourenzo Varela, coa súa *Poesía Completa*, así como a máis recente *O exilio galego: un mapa de cicatrices*, de Edicións do Castro. Axeitos achega ademáis o estudo da correspondencia privada como fonte de investigación, método do que dan conta varias das súas obras.

Este sábado festa da cultura en Rianxo para agasallar a un persoeiro comprometido coa cultura e a lingua do noso país.